



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

### MAÑÓN

*Convocatoria para a elección de xuíz de paz titular do municipio de Mañón (A Coruña)*

De conformidade con disposto nos artigos 99 e seguintes da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial e no Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, de xuíces de paz, por Decreto desta Alcaldía 53/2023, de data 20/03/2023, acordouse iniciar expediente para a elección de xuíz de paz titular do municipio de Mañón, segundo as bases seguintes:

#### 1º Obxecto da convocatoria

Elección de xuíz de paz titular.

#### 2º Lugar e prazo de presentación de solicitudes

No Rexistro Xeral do Concello, Pza. Mesón, s/n, O Barqueiro, en horario de 08:00 a 14:00 horas, ou de calquera dos xeitos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, no prazo de 15 días hábiles dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

#### 3º Requisitos dos aspirantes

- Ser español.
- Ser maior de idade.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade establecidas no artigo 303 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibicións reguladas nos artigos 389 a 397 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, e de conformidade co previsto nos artigos 14 e seguintes do Regulamento número 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de Paz.

#### 4º Documentación a achegar coa solicitude

- Certificado de nacemento ou copia autenticada do Documento Nacional de Identidade.
- Certificación de antecedentes penais expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes, e declaración complementaria á que fai referencia a Lei 68/1980, do 1 de decembro, de non estar inculpado ou procesado.
- Declaración xurada de reunir os requisitos legais para acceder ao nomeamento e non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade para exercer o cargo.
- Xustificación de méritos que alegue o solicitante.

#### 5º Elección e nomeamento

As solicitudes presentadas dentro do prazo establecido someteranse á consideración do Pleno do Concello para a elección da persoa idónea de entre as interesadas co quórum de maioría absoluta dos seus membros.

O candidato elixido polo Concello será proposto á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza para o seu nomeamento como xuíz de paz titular por un período de catro anos.

Mañón, 20 de marzo de 2023.

O ALCALDE

Alfredo Dovale Pedreira